



**CONCELLO
DE VIGO**



Casa das Artes
Policarpo Sanz, 15. Vigo
Do 3 de xaneiro ao 7 de abril de 2013

HORARIOS
Luns a venres: de 18 a 21 h
Sábados: de 12 a 14 h e de 18 a 21 h
Domingos e festivos: de 12 a 14 h

**CONCELLO
DE VIGO**



ARQUIVO FOTOGRÁFICO PACHECO. ARQUIVO VIVO

Casa das Artes. Do 3 de xaneiro ao 7 de abril de 2013



Documentos visuais para o estudo e a investigación.

A exposición *Arquivo Fotográfico Pacheco. Arquivo vivo* mostra ao público, a diversidade temática do fondo a través das visións de especialistas que no ano 2012 empregaron imaxes do arquivo, como documentos xustificativos dos seus estudos, traballos de investigación, publicacións, producións audiovisuais, etc.

Os temas mostrados son agrupamentos interpretados sobre os traballos ou estudos e sinalan algúns dos asuntos troncais do arquivo, sen que respondan exactamente ao cadre de clasificación das materias do arquivo, moito más amplio e complexo.

A exposición manifesta a utilidade das imaxes, seleccionadas *a priori* polos seus contidos e polos datos visuais que conteñen, pero aos poucos os investigadores e investigadoras escollen os documentos polo aprezo do seu valor estético e artístico que os fotógrafos do estudio Pacheco elaboraron cun coidado gusto que se plasma nos seus encadres e composicións, na luz, na captura do instante preciso...

Desta volta, os grupos de imaxes están centrados na orixe da industria en Galicia, nos estudos de historia local e nun abano diversificador temático que mostra a riqueza do fondo. Os destinos, por exemplo: unha serie documental para televisión que se emitirá en 2013 e da que tamén forman parte os automóbiles ou os balnearios; as publicacións sobre "o mundo vigués", o círculo católico obreiro, a base naval de Ríos, o médico e alcalde de Mondariz, Maximino Rodríguez Fornos, a embarcación "Eliseo", o retrato post-mortem, etc.

Calquera dos temas remite ás poboacións de Galicia, non só da cidade de Vigo ou a unha galería de personaxes relevantes, sen esquecer a arquitectura e o urbanismo que son as coordenadas materiais que acollen a historia e, no caso de Vigo, co Berbés sempre presente. O deporte, a guerra e a postguerra, o retrato de estudo ou a vida social son temáticas do arquivo Pacheco tratadas noutras exposicións e publicación anteriores.

En canto aos autores relacionados cos traballos, sinalar algúns nomes que elaboraron textos para a mostra: Xisela Franco, Gerardo González Martín, José Luis Mateo Álvarez, Alberte Reboreda Carreira, Pablo Martínez Otero, M^a Jesús Montes; sen esquecer todos os demás e especialmente todos os estudiantes que se comunicaron co arquivo para completar os seus traballos académicos.

A combinación de imaxes clásicas, iconos ben coñecidos, xunto con outras novas deberán producir na persoa espectadora o interese para repetir a visita para reencontrase coas múltiples visións da cidade, da súa contorna e do seu desenvolvemento que, de seguro, vai producir desexos de repetir a visita á sala noutro momento.

As copias para a exposición producíronse cun retoque mínimo para mellorar o visionado do contido, respectando a imaxe orixinal, mesmo cos seus deterioros, sen recortes, sen eliminación de datos nin invención doutros.

Neste mesmo ano, o Concello de Vigo, como entidade titular do arquivo, atendeu á consolidación da súa recuperación e difusión: diagnose para deseñar liñas de traballo e metodoloxías adecuadas; melloras significativas nas condicións de conservación preventiva dos orixinais; construcción dun sistema de catalogación de acordo con normas arquivísticas, implementación de software libre de xestión documental, etc.

Unha vez máis, as imaxes consideradas en proxectos realizados neste ano 2012, poñen en valor o noso patrimonio cultural, visual e arquivístico, de titularidade pública.